

# PROGRAMACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DAS LETRAS GALEGAS 2017-18

**DATA:** Semana do 14 ao 18 de maio

**CURSOS:** EI, EP, ESO

**COMISIÓN:** Ana, Mila, Quique e Isaura.

## **OBXECTIVOS:**

- Celebrar o día das Letras Galegas.
- Coñecer a figura do autor que se conmemora este Ano (María Victoria Moreno) e a súa obra.
- Desenvolver e consolidar hábitos do uso normal da lingua.
- Valorar e respectar as diferentes linguas.
- Rexeitar estereotipos que supoñan discriminación.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información galegas.
- Comprender e expresarse con corrección oralmente e por escrito na lingua galega.

## **DESENVOLVEMENTO:**

-Como preámbulo á nosa Semana das Letras Galegas os alumnos de 5º e 6º irán a Ourense o día 10 de maio a participar na “Festa da Lingua”, coma outros anos acompañados por Quique e Isaura.

Durante a semana:

- Haberá carteis polo colexio da vida e obra de María Victoria Moreno.
- Realización de actividades relacionadas cos carteis ou cos enlaces suxeridos.Os profesores que as fagan,agradeceríamos que nos informen para incluilas na memoria.
- Elaboración de escarapelas por todos os alumnos,e profesores (opcional).
- Recitado do poema “Can branco,can negro” polos alumnos de 5º e 6º EP para o alumnado de EI.
- Sería convinte,se así o considera o profesorado,ensaiar o Himno Galego, en función das idades.

-Día 18:

- Contacontos para EI e EP:  
10:00-11:00:1º,2º e 3º EP  
11:00-12:00: EI  
12:30-13:30 :4º,5º e 6º EP
- Celebración do acto das Letras Galegas na praza do colexio de 12:00-12:30.De chover,o acto celebraríase no patio. A colocación do alumnado será en semicírculo aberto.  
Sairán sen mandilón.

En canto á orde de saída,será a seguinte:

ESO:sairá ás 11:50 h do patio e iranse colocando na praza (semicírculo atrás mirando á fachada do cole)

A continuación baixará 5º e 6º EP,colocándose diante da ESO.

Avisaremos aos cursos do primeiro piso,que seguirán a mesma colocación.

E por último,EI sairá do salón (teñen contacontos) e irán directamente á praza.

Agradecemos que os alumnos e os profesores leven colocadas as súas escarapelas.

- Biografía teatralizada de Mª Victoria Moreno (ESO)

- Montaxe: "A saia da Carolina", e muiñeira.
- Para rematar cantaremos o Himno Galego.

- Enlaces recomendados para a ocasión:

- [Seminariogalan.org](http://Seminariogalan.org)
- [A fiestra da mestra](#)

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Equipo de Normalización Lingüística